




### 1. EMPRAZAMENTO



#### DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Redondela. Parroquias: Santo André de Cedeira ao nordeste e San Vicente de Trasmañó ao sueste. Extensión: 2,86 km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Tramo acantilado que abrangue a vertente noroccidental do Pico de San Vicente cuxo punto culminante se sitúa a uns 450 m snm. A fachada costeira describe un trazado curvo no sector máis estreito da Ría de Vigo, con parede acantilada de potencia media e a ladeira superior de perfil regular con pendente moderada. O relevo está modelado sobre materiais graníticos o que configurou unha paisaxe por sectores ondulada con pequenas elevacións intermedias como o Coto da Fenteira. Tamén a rede de fracturas ten o seu reflexo na paisaxe e foi aproveitada polas pequenas correntes fluviais para formar valgadas de trazado rectilíneo.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A litoloxía da unidade está marcada pola presenza de granitos de feldespato alcalino con facies de gran medio a grosso, aínda que nalgúns zonas do bordo sur e suroriental, presenta bandas de gneis de biotita.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Tramo acantilado de temperatura media anual por enriba dos 14° C e precipitacións acumuladas durante o ano de 1200 mm a 1400 mm. A oscilación térmica alcanza valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Ambiente climático Cálido e Húmido que varía a Moi Húmido na parte alta da vertente e no cume do Pico de San Vicente, pois se rexistran entre 1400 mm e 1800 mm de precipitación media anual.

#### OS SOLOS

Solos do tipo cambisol dístico e dístico úmbrico na maior parte da unidade, aínda que puntualmente aparezan antrosoles sobre todo na franxa costeira moi modificada pola expansión urbana e as actividades industriais, e leptosoles líticos en áreas de forte pendente e na cabeceira da vertente ao redor do Pico de San Vicente.


#### AS AUGAS

O Rego das Cabras, cuxa desembocadura ás Augas Costeiras de Rande (20158) se produce na praia de Rande, aglutina o maior caudal dos regueiros que conforman a rede hidrográfica da unidade.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Liña de costa sobre a área protexida do LIC Enseada de San Simón. Costa artificial na maior parte da unidade, sen valores ecolóxicos de interese, agás algún intermareal do 1110 e 1140, pero pouco extenso, e o sector occidental de acantilados baixos que nin sequera logran desenvolver correctamente o seu hábitat pola presión de diferentes usos. A valgada do Rego das Cabras e a que ascende cara ao Alto da Encarnación encárganse de mostrar os mellores exemplos de masas mixtas cuxas frondosas autóctonas conxugan unha tripla orixe, o da humidade edáfica do arroio (91E0), a degradación de antigas carballeiras (9230) e souts (9260) e a recolonización en zonas de menor aptitude agrícola. Outra masa de interese destas características, menos riparia, preséntase entre A Recasenda e O Soutelo, no extremo oriental da unidade. Algún recoñecemento merece tamén unha masa mixta entre os viarios principais e a costa, con frondosas que se aproveitan de hidromorfía e do abandono agrario nun lugar de difícil acceso.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Nesta unidade pódese observar como aparecen dous espazos diferenciados, un ao sur e o outro ao norte, cuxos usos e coberturas están definidas polas características do relevo. A franxa meridional, máis montañosa, está cuberta por matogueiras de substitución con presenza dalgún rodal illado de bosque de ribeira. Xunto a eles aparecen monocultivos forestais (eucalipto e piñeiro) situados sobre un parcelario que anteriormente estaba dedicado a labores agrícolas. Entre estes aproveitamentos xorden algúns espazos habitados como é o caso de Trasmañó. A franxa costeira, máis plana, concentra o grosor dos usos compoñendo un variado mosaico no que alternan as masas boscosas de carácter mixto con formacións de matogueira atlántica e arredor das cales se sitúa o grosor dos asentamentos. As terras de labor redúcense a pequenos espazos na periferia dos núcleos.

#### MORFOLOXÍA

Debido ás condicións topográficas, a maioría das actividades antrópicas concéntranse paralelas á liña de costa. Nesta franxa localízanse tanto as vías de comunicación principais como a maioría dos asentamentos caracterizados polo predomínio de vivendas unifamiliares illadas que se estenden lonxitudinalmente seguindo o trazado das estradas. O espazo agrario, aínda que de reducidas dimensións, caracterízase polo predomínio dunha agricultura de autoconsumo que se realiza sobre pequenas parcelas. Nesta unidade recoñeceuse Rande como NIL.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal vía de comunicación da unidade é a N-552 Vigo-Redondela, que discorre paralela á costa sur da Ría de Vigo. Pegada a este trazado discorre a liña de ferrocarril que une Vigo e A Coruña conformando un eixe de comunicacións que soporta un gran volume de tráfico tanto de viaxeiros como de mercadorías. A construción da ponte de Rande (1978-1981) supuxo un fito na historia das comunicacións en Galicia, ao aproveitar o estreito de Rande para comunicar ambas as dúas beiras da ría e facilitar a conexión de Pontevedra e Vigo por medio da autoestrada AP-9. O desenvolvemento desta vía de alta capacidade contribuíu a desconxestionar as estradas N-550 e N-552, mellorando e reducindo o tempo dos desprazamentos rodados.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Por toda a unidade aparecen restos de antigos poboadores que testemuñaron o seu paso por estas terras en forma de petroglifos como os que existen na parroquia de Santo André de Cedeira e San Vicente de Trasmañó. Así mesmo aparecen algunhas mámoas de grande interese arqueolóxico como as descubertas en Santo André de Cedeira. A importancia que tivo este tramo da ría no tecido industrial existente na comarca aparece reflexada coa presenza de sendos cargadeiros de Wolframioey de carbón ou a denominada fábrica do alemán e a fábrica de salazón de José e Bao, hoxe en estado ruinoso.



## O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

As características topográficas desta unidade son o factor determinante na organización do espazo. A maior planitude do espazo costeiro facilita a construción de infraestruturas (N-552, ferrocarril Coruña-Vigo) e o asentamento da poboación que atopa unhas mellores condicións para o desenvolvemento das súas actividades. Atopámonos nunha unidade situada dentro da área metropolitana de Vigo e cuxa influencia se deixa sentir no modo de vida das súas xentes. O abandono das prácticas agrarias tradicionais foi progresivo a medida que Vigo crecía e se especializaba nunha industria naval que requiría gran cantidade de man de obra. Xeráronse intensos movementos pendulares entre a cidade e a súa periferia que pasou a ser un espazo urbano, dotado de todas as comodidades e servizos dunha cidade pero que conserva certos aspectos propios dun ámbito rural.

## DINÁMICA DA PAISAXE

Dende mediados do século pasado as ladeiras do Pico de San Vicente e de Couto da Fenteira fóronse poboando con monocultivos forestais que foron substituindo as matogueiras. Tamén se producen transformacións noutros dous aspectos que resultan fundamentais para comprender a paisaxe actual. Por unha banda o abandono dun bo número de parcelas agrícolas, o que significa un cambio no modelo económico tradicional. En segundo lugar na aparición de novas edificacións que ocupan as parcelas libres e que se asentan seguindo a estrutura lineal marcada polo trazado das vías de acceso a Vigo. A construción da ponte de Rande supuxo a introdución dun fito paisaxístico de máxima importancia.

## RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

O Pico de San Vicente en Redondela e o Niño do Corvo en Moaña enmarcan o estreito de Rande, cuxa condición de porta de dobre visibilidade que comunica a ría de Vigo coa Enseada de San Simón se viu netamente reforzada pola ponte de Rande, que do mesmo modo que outras insignes obras de enxeñaría, converteuse nun das iconas non só da área de Vigo, senón de toda Galicia. Á imponente presenza como artefacto construtivo da ponte, súmase a compoñente emocional asociada ás lendas dos galeóns afundidos con tesouros no século XVIII, así como un alto potencial de puntos de observación, entre os que cabe citar a propia ponte (aínda que neste caso só de uso rodado), que ofrece unha perspectiva singular da ría e o fondo das Cíes. Destacar tamén como significativos puntos de observación o Coto da Fenteira e máis cara o mar o Cargadeiro de Canguelos, próximo á praia de Rande.





#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29





